

ACTA Nº 2/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Ramón del Valle López

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Francisco Carballal Lugrís, Juan José Gómez Romero e Eduardo Varela Castro.

C. de Economía e Facenda: M^a Dolores Rodríguez Amaya , María Blanco Aller e Ulpiano Villanueva Rodríguez.

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Luis Vázquez Rodríguez e Camino Triguero Salas

C. de Innovación e Industria: María J. Teijeiro Dacal

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Benito Fernández Rodríguez

C. de Cultura e Deporte: Carlos Amoedo Souto e Miguel Ares Casal

C. de Sanidade: Jose M^a Ferreiro Fernández

C. de Pesca e Asuntos Marítimos: Miguel A. López Sieiro e Marta Ramos Lage

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: M^a Lourdes Batán Aira

C. de Traballo: José Vázquez Portomeñe

Polas organizacións sindicais:

CIG: Manuel Gallardo Canitrot, Xesús Tarrío Peón e Henrique Salas Ellacuriaga

CCOO: José C. Calviño Cid e Manuel García Cendón

UGT: Rosario Valledor Puente, Miguel Angel Dono Gómez e Manuel Pena Santar

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde , Carmen Noya Castro e Alvaro Aldemira Requejo.

Secretario: Andrés Castro Bande

En Santiago de Compostela, sendo as 12:30 horas do día 10 de marzo de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na Salon de Actos nº 2 (pequeno) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 1/2006.

Punto segundo-Orde do de de 2006, pola que se modifican ás Ordes do 26 de decembro de 2002 (DOG, nº 2, do 3 de xaneiro de 2003) pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. (Execución de sentenza).

Punto terceiro- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Punto cuarto-Acordo suscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Consellería de Innovación e Industria, relativo á asignación de Postos de Traballo.

Punto quinto- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Traballo.

Punto sexto- De conformidade co establecido no artigo 33 do Decreto 94/91, sométese á consideración da Comisión de Persoal a suspensión temporal da sanción de emprego e soldo imposta a Dna. M^a José López Mella, en tanto dure a situación de IT, na que se atopa actualmente.

Punto sétimo-Proposta de modificación da RPT da Instituto Galego de Consumo.

Punto oitavo-Instrucións sobre as Comisións de Servizo.

Punto noveno- Proposta de convocatorias de persoal laboral por promoción interna e acceso libre derivadas da OEP de 2005: Grupo I (Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental), Grupo II (Titulado Grado Medio), Grupo IV (Legoeiro).

Punto primeiro.- Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 1/2006.

* A representante de UGT manifesta que na súa intervención no punto terceiro (páx. 3) onde di: “Que se altere a prelación co obxecto de que as persoas procedentes da quenda de discapacitados teñan preferencia para elixir destino” débeselle engadir “ nos casos en que proceda”.

- Así mesmo solicita que se lle remita o escrito de alegacións da CIG á Proposta de Decreto polo que se regulan as comisións ou grupos de traballo e que se adxunta como Anexo ao Acta nº 1/2006.

* O representante de CSI-CSIF manifesta que na súa intervención no punto terceiro (páx. 4) onde di: “ que se revise a titulación de Auxiliar de enfermería”, debe dicir: “ que se revise a titulación de Auxiliar de laboratorio”.

- Así mesmo manifesta que na súa intervención no punto cuarto (páx. 5) débese engadir que “solicita que se restrinja a participación nos grupos de traballo ao persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e de seus Organismos Autónomos”, o que se acepta pola Administración.

Con estas matizacións efectuadas polos representantes das organizacións sindicais UGT e CSI-CSIF apróbase polos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais a Acta nº 1/2006 do 30 de xaneiro de 2006.

Punto segundo- Orde do de de 2006, pola que se modifican ás Ordes do 26 de decembro de 2002 (DOG, nº 2, do 3 de xaneiro de 2003) pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. (Execución de sentenza).

* O representante da CIG, D. Xesús Tarrío Peón se ausenta por ser parte no procedemento.

* O representante da CIG, manifesta a súa desconformidade co inciso “...ou en condicións de obter...”

* O representante de CCOO non ten nada que dicir, ao tratarse dunha execución de sentenza.

* A representante de UGT manifesta a súa desconformidade coa execución nos termos expresados.

* O representante de CSI-CSIF non ten nada que dicir. Hai unha sentenza e que hai que executala.

Finalmente, infórmase favorablemente a Orde do de de 2006, pola que se modifican ás Ordes do 26 de decembro de 2002 (DOG, nº 2, do 3 de xaneiro de 2003) pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ao grupo IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. (Execución de sentenza).

Punto terceiro- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

- * O representante da organización sindical CIG, vota a favor.
- * O representante da organización sindical CCOO, vota a favor.
- * A representante da organización sindical UGT, vota a favor.
- * O representante da organización CSI-CSIF, vota a favor.

Finalmente, infórmase favorablemente a Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, co voto favorable das organizacións sindicais e os representantes da Administración.

Punto cuarto-Acordo suscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Consellería de Innovación e Industria, relativo á asignación de Postos de Trabajo.

- * O representante da organización sindical CIG, vota a favor.
- * O representa da organización sindical CCOO, vota a favor.
- * A representante da organización sindical UGT, vota a favor.
- * O representante da organización sindical CSI-CSIF, vota a favor.

Finalmente, infórmase favorablemente o Acordo suscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Consellería de Innovación e Industria, relativo á asignación de Postos de Trabajo, co voto favorable das organizacións sindicais e dos representantes da Administración.

Punto quinto- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Trabajo.

- * O representante da organización sindical CIG, vota a favor.
- * O representa da organización sindical CCOO, vota a favor.
- * A representante da organización sindical UGT, vota a favor.
- * O representante da organización sindical CSI-CSIF, vota a favor.

Finalmente, infórmase favorablemente a Proposta de modificación da RPT da Consellería de Trabajo, co voto favorable das organizacións sindicais e os representantes da Administración.

Punto sexto- De conformidade co establecido no artigo 33 do Decreto 94/91, sométese á consideración da Comisión de Persoal a suspensión temporal da sanción de emprego e soldo imposta a Dna. M^a José López Mella, en tanto dure a situación de IT, na que se atopa actualmente.

- * O representante da organización sindical CIG, abstense.
- * O representante da organización sindical CCOO, vota a favor.
- * A representante da organización sindical UGT, abstense.
- * O representante da organización sindical CSI-CSIF, vota a favor.

Finalmente, infórmase favorablemente a Proposta de suspensión temporal da sanción de emprego e soldo co voto favorable dos representantes da Administración e o voto a favor das organizacións sindicais CCOO e CSI-CSIF e a abstención da CIG e UGT.

Punto sétimo-Proposta de modificación da RPT do Instituto Galego de Consumo.

* O representante da organización sindical CIG manifesta que se segue ca política anterior no tema da modificación das RPTs.

- Chámalle a atención a distribución das prazas creadas; e así, por exemplo, en Lugo creanse máis prazas que en Pontevedra, cando a actividade inspectora é maior a esta última provincia.
- Hai Xefaturas de Servizo cun só Xefe de Sección e un Xefe de Negociado.
- Reitérase nas alegacións xa presentadas na Mesa Xeral.
- Vota en contra.

* O representante da organización sindical CCOO, manifesta que presentaron as súas alegacións na Mesa Xeral, e aínda que se atenderon algunha delas, séguelle chamando a atención a distribución territorial dos Inspectores e Subinspectores de Consumo.

- Abstense.

* A representante da organización UGT, manifesta que segue sen ser totalmente favorable á Proposta de modificación, pero que se aceptaron algunhas das alegacións presentadas na Mesa Xeral, polo que se abstén.

* O representante da organización sindical CSI-CSIF, abstense.

Finalmente infórmase favorablemente a proposta de modificación da RPT do Instituto Galego de Consumo, co voto favorable dos representantes da Administración, o voto en contra da CIG e a abstención de CCOO, UGT e CSI-CSIF.

Punto oitavo-Instruccións sobre as Comisións de Servizo.

* O representante da organización sindical CIG

- En contra. Presentaron alegacións e non todas se atenderon.
- Valoran que se tivera en contra a alegación relativa á publicidade posterior da Comisión de Servizos autorizada; pero non entende porque non se pode anunciar con anterioridade a praza que se vaia a cubrir en Comisión de Servizos.
- Solicita que se garante a publicidade con anterioridade á cobertura da praza.
- Entende que a norma reguladora deberían ter maior rango que unha simple Instrucción

** O Presidente da Comisión pregunta si votaría a favor si se publicita a praza con anterioridade á súa cobertura, e manifesta que a regulación se fixo a través dunha Instrucción para axilizala.

* O representante da CIG manifesta que si se introduce esa modificación votaría a favor, pero entendendo que as Instruccións poden ser melloradas “a posteriori”.

* O representante de CCOO vota en contra.

- A representante de UGT manifesta que lles gustaría que se retirara o prazo dos 5 días establecido no punto 3 da Instrucción cuarta.

- Non están de acordo con que se condicione a concesión da Comisión a que o funcionario estea ocupando un posto de nivel inferior a aquel que pasaría a desempeñar en Comisión de Servizos.
- Pide a retirada das Instrucións para unha mellor reflexión.

** O Presidente da Comisión pregunta si votaría a favor si se modifica ese punto, no senso de que a autorización da Comisión de Servizos non se condicione a que o funcionario ocupe un posto de nivel inferior a aquel que pasaría a ocupar en Comisión de Servizo.

* A representante de UGT manifesta que si se introduce esa modificación votaría a favor.

* O representante de CIS-CSIF entende que unha Instrucción non é a forma axeitada de regular a concesión das Comisión de Servizo. Debería regularse a través dun Decreto.

- Entenden que a nova proposta contén melloras en relación coa anterior, pero non poden estar de acordo, por exemplo, co prazo máximo dos 6 meses (recollido na Instrucción segunda) para resolver a convocatoria de libre designación; entenden que nestes casos debería establecerse un prazo máximo de dous meses prorrogables en casos excepcionais.
- Si se acepta a modificación proposta votarían a favor; no caso contrario abstéñense.

** O Presidente da Comisión di que o prazo dos 2 meses non é un prazo realista e que, polo tanto, non se pode aceptar a modificación proposta.

Finalmente, infórmase favorablemente a proposta de Instrucción co voto a favor dos representantes da Administración, da CIG (condicionado a que se publicite con anterioridade - nos taboleiro dos respectivos Centros Directivos- o posto que se pretende cubrir en Comisión de Servizos), de UGT (condicionado a que a autorización da Comisión de Servizos non se suxeite a que o funcionario ocupe un posto de nivel inferior a aquel que pasaría a ocupar en Comisión de Servizo), a abstención de CSI-CSIF e o voto en contra de CCOO.

Punto noveno- Proposta de convocatorias de persoal laboral por promoción interna e acceso libre derivadas da OEP de 2005: Grupo I (Titulado Superior e Titulado Superior Ambiental), Grupo II (Titulado Grado Medio), Grupo IV (Legoeiro).

** O Presidente da Comisión solicita a retirada da Orde do día da Convocatoria de Titulado Superior Ambiental, xa que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible citará próximamente aos representantes das organizacións sindicais co obxecto de proceder a negociar unha nova convocatoria.

Solicita tamén, a petición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a retirada da Orde do día da Convocatoria de Legoeiro.

Se compromete a volver a traelas á Comisión de Persoal o máis axiña posible.

* Os representantes sindicais aceptan a retirada da Orde do día das dúas convocatorias de persoal laboral referidas.

* O representante da CIG manifesta a súa sorpresa porque é a segunda vez que se retira da Orde do día da Comisión de Persoal as convocatorias referidas.

- En canto as outras dúas convocatorias (Titulado Superior e Titulado de Grado Medio) vota en contra polas mesmas causas xa alegadas na Mesa Xeral e na Comisión de Persoal respecto das outras convocatorias de Persoal Laboral xa aprobadas.

* O representante de CCOO, vota en contra polas mesmas causas xa alegadas na Mesa Xeral e na Comisión de Persoal respecto das outras convocatorias de Persoal Laboral xa aprobadas.

* A representante de UGT entende que as prazas de Titulado Superior son prazas de funcionarios e que, polo tanto, non deben ser convocadas como prazas de persoal laboral. Haberá que levar a cabo un proceso de funcionarización “a posteriori”, polo que entende que se está perdendo o tempo.

- En consecuencia, entende que tamén se debería retirar da Orde do día as dúas convocatorias obxecto de votación.
- En calquer caso vota en contra polas mesmas causas xa alegadas na Mesa Xeral e Comisión respecto das outras convocatorias de Persoal Laboral xa aprobadas.

* O representante de CSI-CSIF vota en contra polas mesmas causas xa alegadas na Mesa Xeral e na Comisión de Persoal respecto das outras convocatorias de Persoal Laboral xa aprobadas.

Finalmente, infórmase favorablemente a proposta de Convocatoria de Titulado Superior e de Titulado de Grado Medio de Persoal Laboral correspondente a OEP de 2005, co voto a favor dos representantes da Administración e o voto en contra da CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e praxe,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS
DE PRESIDENTE**

O SECRETARIO

José Rodríguez González

Andrés Castro Bande